

Reunido o día 9 de novembro de 2022 ás 18.30, de maneira telemática (plataforma Teams), o xurado do VIII Concurso literario Mazarelos composto por María Xesús Nogueira Pereira (que actuou como presidenta), Carlos Pérez Varela, Sabela Fernández Domínguez, Henrique Neira Pereira e Alba Cid Fernández, e por Ana Manuela de Azevedo Gomes, Daniel García Dios e María Villar López, estes en representación da asociación AgroMar, como comité asesor para a Modalidade de Temática Científica, resolveu conceder os seguintes premios:

A. Modalidade de Temática Aberta:

1º premio: *Pater familias*: Gael Uxío Proupín Cantelar

2º premio: *Na beira do Leteo*: Jennifer Torres Mira

Accésit: *Poesía a marteladas*: Marco Bravo Rodríguez

B. Modalidade de Temática Científica

Premio: *Diario dunha abella*: Sabela Blanco Penelas

Santiago de Compostela, 9 de novembro de 2022

NOGUEIRA
PEREIRA MARIA
XESUS -
52472511N

Firmado digitalmente por NOGUEIRA
PEREIRA MARIA XESUS - 52472511N
Nombre de reconocimiento (DN): c=ES,
serialNumber=IDCES-52472511N,
givenName=MARIA XESUS,
sn=NOGUEIRA PEREIRA, cn=NOGUEIRA
PEREIRA MARIA XESUS - 52472511N
Fecha: 2022.11.10 12:16:37 +01'00'

Asdo. María Xesús Nogueira Pereira

(Texto lido no acto da entrega dos premios)

Reunido o 9 de novembro de 2022 o xurado composto por: Carlos Pérez Varela, Sabela Fernández Domínguez, Henrique Neira Pereira, Alba Cid Fernández e eu María Xesús Nogueira Pereira, que actuei como presidenta, contando ademais, como comité asesor para a Modalidade de Temática Científica con Ana Manuela de Azevedo Gomes, Daniel García Dios e María Villar López (todos eles en representación da asociación AgroMar), resolveu conceder os seguintes premios:

Na Modalidade de Temática aberta:

1º premio a ***Pater familias***, de **Gael Uxío Proupín Cantelar**. O xurado salientou a habilidade na construción dun relato marcado por un pouso nostálgico-romántico que leva a cabo un achegamento ao período histórico da Guerra Civil e a Posguerra para abordar o tema da represión, os fuxidos e os vínculos familiares. Destacou ademais a medida utilización do diálogo e o coidado estilístico do texto e considerou a súa contribución á reparación e restitución da memoria da loita contra a ditadura franquista.

2º premio a ***Na beira do Leteo***, de **Jennifer Torres Mira**. O xurado valorou unha voz narrativa que actualiza con emoción e sensibilidade o mito do río Limia como Lethes ou Flumen Oblivionis, o río do esquecemento, abordando con delicadeza o sufrimento das persoas maiores enfrontadas á demencia. Salientou ademais o dominio do ritmo, así como certas luzadas líricas inseridas na sobriedade estilística.

O xurado resolveu ademais conceder un accésit ao título ***Poesía a marteladas***, de **Marco Bravo Rodríguez**. Neste caso, destacou o exercicio de experimentación, o humor, a autoironía, a intertextualidade cos colectivos máis iconoclastas da poesía galega recente (Rompente e Ronseltz, principalmente), así como a exploración desprexuízada da materialidade do poema.

Na Modalidade de Temática Científica resolveu conceder o premio ao título ***Diario dunha abella anónima***, de **Sabela Blanco Penelas**. O xurado valorou o contido científico, ben exposto ao longo de todo o texto mediante a integración de conceptos e datos dentro da narración. Salientou ademais a creatividade da obra, que nos permite entrar dentro dunha colmea de abellas, animais cun importante rol no mantemento da flora. Por estas razóns, considerou que a obra fai unha grande achega á divulgación científica e posta en valor da protección das abellas.